

SÁBADO INGLÉS

PARTY RACHADA NAS STREETS OF VILAGARCÍA

Con motivo da celebración do Sábado Inglés o vindeiro día 20 de febreiro de 2010 a Concellería de Turismo en colaboración coa asociación de hostaleiros de Vilagarcía AHITUVI e o centro comercial aberto Zona Aberta poñen en marcha un concurso para o que dan a coñecer as seguintes **bases**:

1. Para participar neste concurso será **obligatorio**:
 - a) Levar un **disfrace relacionado co mundo inglés**.
 - b) **Lucir a vestimenta nos distintos locais do sector hostaleiro**, onde se valorará a animación festiva dos participantes.
 - c) **Presentarse na Praza do Auditorio**, onde estará o **autobús inglés**, na **madrugada do sábado 20** de febreiro, entre ás **00.00** e as **3.00** horas, para **seren fotografados** e recibir un **número de identificación**.
2. Todos aqueles que desexen inscribirse previamente poderán facelo entre os días 25 de xaneiro e 19 de febreiro nas dependencias municipais do departamento de Turismo (Concello de Vilagarcía), na Oficina Municipal de Turismo (Praza da Peixería) ou no Centro de Interpretación da Ría de Arousa (Praia de Compostela), nos seus horarios de apertura.
3. Os **premios**, segundo as diferentes categorías, consistirán en:
 - a) **Categoría parella: Fin de semana a Londres para dúas persoas**, por un importe máximo de 700 € (a contratar en Barceló Viaxes ou Centrovixaxes).
 - b) **Categoría grupo: 500 € en vales compra** a gastar nos comercios asociados a Zona Aberta.
 - c) **Categoría individual: 200 € en vales compra** a gastar nos comercios asociados a Zona Aberta.
4. O xurado estará formado por 3 persoas, un representante da Concellería de Turismo, un representante de Zona Aberta e un representante da asociación de hostaleiros de Vilagarcía AHITUVI. Os membros do xurado non se darán a coñecer.
5. O xurado avaliará os deseños, a animación, a orixinalidade e a espontaneidade, entre outros aspectos.
6. O fallo do xurado será inapelable e a participación no concurso implica a aceptación plena das presentes bases. En todo momento os participantes deberán cumprir as indicacións da organización, que se reserva o dereito a modificar estas bases.

